



### EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

#### ÁREA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL. SERVIZO DE COMUNICACIÓNS E TICS

##### Anuncio

#### DECRETO

Tras ver a proposta do deputado delegado da Área de Innovación, Participación Cidadá, Mocidade e Deportes, a teor do seguinte texto:

#### “ANTECEDENTES

PRIMEIRO. O Real Decreto 4/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Interoperabilidade no ámbito da Administración Electrónica veu a regular, no seu artigo 12, o uso de infraestructuras e servizos comúns e ferramentas xenéricas obrigando ás administracións públicas a enlazar aquelas infraestructuras e servizos que poidan implantar no seu ámbito de actuación coas infraestructuras e servizos comúns que proporcione a Administración Xeral do Estado para facilitar a interoperabilidade e a relación multilateral no intercambio de información e de servizos entre todas as Administracións públicas.

No marco do Plan de modernización da Administración autonómica, a Xunta impulsou os servizos dispoñibles no nodo de interoperabilidade Pasaxe!. Pasaxe! é a plataforma tecnolóxica que permite o intercambio de información entre as administracións autonómica, estatal e local evitando ao cidadán achegar documentación que xa está en poder das administracións públicas.

SEGUNDO. A Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas veu a sistematizar toda a regulación relativa ao procedemento administrativo, clarificando e integrando o contido das leis 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, buscando tamén a axilización dos procedementos cun pleno funcionamento electrónico. En virtude desta lei, os cidadáns e as cidadás poderían realizar todas as súas xestións administrativas por medios electrónicos. Desta forma, as administracións públicas quedaban obrigadas a ofrecer os seus servizos por internet, dispositivos móbiles ou calquera medio electrónico futuro.

#### LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:

- A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (art. 36.1.g).
- A Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- A Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e garantía dos dereitos dixitais.
- O Real Decreto 4/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Interoperabilidade no ámbito da Administración Electrónica.
- O Real Decreto 3/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da Administración Electrónica.
- A Resolución de 28 de xuño de 2012, da Secretaría de Estado de Administracións Públicas, pola que se aproba a Norma Técnica de Interoperabilidade de Protocolos de intermediación de datos que establece o modelo operativo da interoperabilidade a nivel nacional.
- A Resolución do 22 de abril de 2014, da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, pola que se aproba a versión 1.1 das Guías para a habilitación electrónica de procedementos.
- O Plan de Administración e Goberno Dixitais Horizonte 2020 da Xunta de Galicia.

#### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

##### PRIMEIRA. A INTEROPERABILIDADE

De acordo co artigo 28.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas os interesados non estarán obrigados a achegar documentos que fosen elaborados por calquera Administración, con independencia de que a presentación dos citados documentos teña carácter

preceptivo ou facultativo no procedemento de que se trate, sempre que o interesado expresase o seu consentimento a que sexan consultados ou solicitados os devanditos documentos. Presumirase que a consulta ou obtención é autorizada polos interesados salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa ou a lei especial aplicable requira consentimento expreso.

#### SEGUNDA. DO FUNCIONAMENTO DA INTEROPERABILIDADE

A Resolución de 28 de xuño de 2012, da Secretaría de Estado de Administracións Públicas, pola que se aproba a Norma Técnica de Interoperabilidade de Protocolos de intermediación de datos; establece o modelo operativo da interoperabilidade a nivel nacional, así como os roles e actores que participan durante a realización dunha consulta interoperabilidade:

Cesionario: Organización autorizada a consultar determinados datos da cidadanía en poder dun Cedente

Requirente: Facilita a consulta dos datos desde un punto de vista tecnolóxico. Nodo IOP: Xestiona e ordena a relación entre Cesionarios e Cedentes e as súas comunicacións. Asegura a integridade da información intercambiada e habilita a comunicación entre axentes (a plataforma Pasaxe! actúa como Nodo).

Emisor: Facilita a cesión dos datos desde un punto de vista tecnolóxico

Cedente: Organización que posúe datos relativos da cidadanía que outra poida necesitar.

O Real Decreto 4/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Interoperabilidade no ámbito da Administración Electrónica recolle o glosario de termos e define o Nodo de interoperabilidade como o organismo que presta servizos de interconexión técnica, organizativa e xurídica entre sistemas de información para un conxunto de Administracións Públicas baixo as condicións que estas fixen.

A Xunta de Galicia deu o primeiro paso ao iniciar un proxecto para a construción dun nodo de interoperabilidade para a Administración pública galega, PasaXe!.

#### TERCEIRA. INTEGRACIÓN NO PROCEDIMENTO ADMINISTRATIVO

O acceso aos documentos debe ser pertinente e estar autorizado, é por iso que é fundamental a xestión das autorizacións correspondentes:

- O organismo cedente dos documentos autoriza o consumo dun servizo, en base á pertinencia de petición dun documento nun procedemento administrativo.
- O interesado pode denegar a consulta desa información. Os formularios deberán adecuarse para recoller a posibilidade de rexeitar o consentimento. Esta denegación do consentimento pódese facer en calquera fase do procedemento. Neste caso a cidadanía debe achegar a documentación.

Por medio deste procedemento o Organismo prevé o acceso aos servizos de interoperabilidade, xustificando a súa pertinencia e aprobando a autorización.

En base a todo o anteriormente exposto e conforme o principio de actuación da interoperabilidade dos medios electrónicos e sistemas e prestación conxunta de servizos aos cidadáns, proponse:

**PRIMEIRO.-** Aprobar o catálogo de procedementos e servizos que presta a Deputación de Lugo que se relacionan no anexo para os que non será necesario que os cidadáns aporten a documentación, que se comprobará no nodo de interoperabilidade Pasaxe! segundo a correspondencia indicada no ANEXO I. Para futuras incorporacións de procedementos e/ou servizos ao catálogo será necesaria a aprobación mediante resolución de presidencia. Os catálogos serán publicados na sede electrónica da Deputación provincial onde estarán accesibles ao público de forma permanente.

**SEGUNDO.-** Adaptar os formularios dos distintos procedementos indicados para facer efectivo o dereito dos cidadáns de non achegar documentos que fosen elaborados por calquera Administración, con independencia de que a presentación dos citados documentos teña carácter preceptivo ou facultativo no procedemento de que se trate”.

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.

**O PRESIDENTE**, Argelio Fernández Queipo, P.D. Decreto de 13-02-2019, **O VICEPRESIDENTE**, **A SECRETARIA**,



	XUNTA GALICIA		AEAT		MIN XUSTIZA		SPEE – INEM	
Reastos de perlas de feno (S00CA04MNS01)								
Consulta de permisos de explotación marisqueira (S00P04MNS01)								
Certificado de discapacidade (S00SC04MNS01)								
Título de familia numerosa (M00T07MNS01)								
Título de familia numerosa (S00SC04MNS01)								
Certificado das prestacións da banda de integración Social de Galicia Data Creche (M00T07MNS01)								
Estar al Corrente de agenda Anticua para recibir Axudas ou Subvencións (S00CA04MNS01)								
Estar al Corrente de agenda Anticua N.T.R.A. para Contratación (S00CA04MNS01)								
Estar ao corrente de pagamento con AEAT para Silveiros e Axudas (E00T08)								
Estar ao corrente de pagamento con AEAT para Autorización de licenzas de transporte (E00T08)								
Estar ao corrente de pagamento con AEAT para Contratos con Administracións Públicas (E00T08)								
Validación de NF (M00T07)								
Consulta de mal de Herida (M00T07)								
Imposto de rendimentos económicos (M0430)								
Certificado de dominio fiscal (D00P04SQ)								
Certificado de renda (M0430)								
Consulta de existencia de antecedentes Penas por Delitos Sexuais (S00S05MNS01)								
Consulta de existencia de Antecedentes Penas								
Consulta de existencia de Antecedentes Penas por Delitos Sexuais RPN NF								
Consulta de existencia de Antecedentes Penas PDR NF								
Consulta certificada de raxemento (S00SC04MNS01)								
Consulta certificada de raxemento (S00SC04MNS01)								
Consulta certificada de declaración (S00SC04MNS01)								
Estar rescto como demandante de emprego a data oncel (S00S07E07E04MNS01)								
Estar rescto como demandante de emprego a data actual (S00S07E04MNS01)								
Impostos de prestacións de desemprego pendentes nun período (S00S07E04MNS01)								
Impostos de prestacións de desemprego pendentes a data actual (S00S07E04MNS01)								
Situación actual de desemprego (S00S07E04MNS01)								



**FORMULARIO CONSENTIMIENTO CONSULTA INFORMACIÓN A OUTRAS AAPP****1. DATOS DO SOLICITANTE**

Número de Documento de Identificación

Nome e apelidos

**DOMICILIO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN**

Provincia

Concello

Localidade

Enderezo:

Código Postal

E-mail

Teléfono

Teléfono Móbil

Actuando en :

 Nome propio Representando a:**DATOS DO INTERESADO/ REPRESENTADO**

Número de Documento de Identificación

Nome e apelidos

**DOMICILIO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN**

Provincia

Concello

Localidade

Enderezo:

Código Postal

E-mail

Teléfono

Teléfono Móbil

**Autorizo aos efectos da normativa de Procedemento Administrativo Común das AAPP (Lei 39/2015 art. 28.2) á Deputación de Lugo á consulta telemática con outras Administracións Públicas dos datos declarados e demais circunstancias relacionadas coa tramitación do expediente no que son interesado:**

SERVIZO DE CONSULTA	AUTORIZACIÓN Á CONSULTA
Autorizo o acceso telemático á Dirección Xeral de Policía para a consulta de datos de identidade relacionados coa tramitación do expediente.	<input type="checkbox"/> Sí, autorizo á consulta
Autorizo o acceso telemático á Dirección Xeral de Policía para a consulta de verificación de datos de identidade relacionados coa tramitación do expediente.	<input type="checkbox"/> Sí, autorizo á consulta
Autorizo o acceso telemático ao Instituto Nacional de Estatística para a consulta de datos de residencia con data da última variación padroal relacionados coa tramitación do expediente.	<input type="checkbox"/> Sí, autorizo á consulta
Autorizo o acceso telemático ao Instituto Nacional de Estatística para a consulta de verificación de datos de residencia de ámbito relacionados coa tramitación do expediente.	<input type="checkbox"/> Sí, autorizo á consulta
Autorizo o acceso telemático á Tesourería Xeral da Seguridade Social para a obtención do certificado de débeda pendente relacionado coa tramitación do expediente	<input type="checkbox"/> Sí, autorizo á consulta
Autorizo o acceso telemático á Tesourería Xeral da Seguridade Social para a consulta de verificación de alta na Seguridade Social relacionado coa tramitación do expediente	<input type="checkbox"/> Sí, autorizo á consulta
Autorizo o acceso telemático ao Instituto Nacional da Seguridade Social para a consulta dos datos de prestacións do Rexistro de Prestacións Sociais Públicas, Incapacidade Temporal e Maternidade relacionado coa tramitación do expediente	<input type="checkbox"/> Sí, autorizo á consulta
Autorizo o acceso telemático ao Servizo Público de Emprego Estatal para a consulta de información sobre a situación de desemprego relacionada coa tramitación do expediente	<input type="checkbox"/> Sí, autorizo á consulta
Autorizo o acceso telemático ao Servizo Público de Emprego Estatal para a consulta de datos sobre as prestacións percibidas actualmente por desemprego relacionadas coa tramitación do expediente	<input type="checkbox"/> Sí, autorizo á consulta
Autorizo o acceso telemático ao Servizo Público de Emprego Estatal para a consulta da información da situación actual de inscrición como demandante de emprego relacionada coa tramitación do expediente	<input type="checkbox"/> Sí, autorizo á consulta
Autorizo o acceso telemático ao Servizo Público de Emprego Estatal para a consulta da información da situación de inscrición como demandante de emprego nunha data concreta relacionada coa tramitación do expediente	<input type="checkbox"/> Sí, autorizo á consulta
Autorizo o acceso telemático ao Ministerio de Xustiza para a consulta de datos de Inexistencia de Antecedentes Penais por Delitos Sexuais relacionados coa tramitación do expediente	<input type="checkbox"/> Sí, autorizo á consulta
Autorizo o acceso telemático á Axencia Estatal de Administración Tributaria para a consulta do certificado IRPF relacionado coa tramitación do expediente	<input type="checkbox"/> Sí, autorizo á consulta
Autorizo o acceso telemático á Axencia Estatal de Administración Tributaria para a consulta do certificado de domicilio fiscal relacionado coa tramitación do expediente	<input type="checkbox"/> Sí, autorizo á consulta
Autorizo o acceso telemático á Axencia Estatal de Administración Tributaria para a consulta de información do Imposto de Actividades Económicas relacionado coa tramitación do expediente	<input type="checkbox"/> Sí, autorizo á consulta
Autorizo o acceso telemático á Axencia Estatal de Administración Tributaria para a consulta do nivel de renda relacionado coa tramitación do expediente	<input type="checkbox"/> Sí, autorizo á consulta
Autorizo o acceso telemático á Axencia Tributaria para a consulta de validación do Número de Identificación Fiscal relacionado coa tramitación do expediente.	<input type="checkbox"/> Sí, autorizo á consulta
Autorizo o acceso telemático á Axencia Tributaria para a obtención do certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias relacionado coa tramitación do expediente de contratación pública.	<input type="checkbox"/> Sí, autorizo á consulta
Autorizo o acceso telemático á Axencia Tributaria para a obtención do certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias relacionado coa tramitación do expediente no procedemento de solicitude de subvencións	<input type="checkbox"/> Sí, autorizo á consulta
Autorizo o acceso telemático á Xunta de Galicia para a consulta e verificación de títulos de familia numerosa relacionado coa tramitación do expediente	<input type="checkbox"/> Sí, autorizo á consulta
Autorizo o acceso telemático á Xunta de Galicia para a consulta e verificación de títulos de familia numerosa autonómico relacionado coa tramitación do expediente	<input type="checkbox"/> Sí, autorizo á consulta

Autorizo o acceso telemático á Xunta de Galicia para a consulta do certificado de discapacidade relacionado coa tramitación do expediente	<input type="checkbox"/> Sí, autorizo á consulta
Autorizo o acceso telemático á Xunta de Galicia para a consulta do Rexistro de Parellas de Feito relacionada coa tramitación do expediente	<input type="checkbox"/> Sí, autorizo á consulta
Autorizo o acceso telemático á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións para a consulta de datos de solvencia relacionada coa tramitación do expediente de contratación pública	<input type="checkbox"/> Sí, autorizo á consulta
Autorizo o acceso telemático ao Consello Xeral do Notariado para a consulta de datos de notarios e notarías relacionados coa tramitación do expediente	<input type="checkbox"/> Sí, autorizo á consulta
Autorizo o acceso telemático ao Consello Xeral do Notariado para a consulta de datos de administradores dunha sociedade relacionados coa tramitación do expediente	<input type="checkbox"/> Sí, autorizo á consulta
Autorizo o acceso telemático ao Consello Xeral do Notariado para a consulta de datos sobre a subsistencia dun apoderamento relacionados coa tramitación do expediente	<input type="checkbox"/> Sí, autorizo á consulta
Autorizo o acceso telemático ao Consello Xeral do Notariado para a consulta da copia simple dun apoderamento notarial relacionada coa tramitación do expediente	<input type="checkbox"/> Sí, autorizo á consulta
Autorizo o acceso telemático ao Ministerio de Educacións para a consulta de información sobre os títulos universitarios rexistrados relacionada coa tramitación do expediente	<input type="checkbox"/> Sí, autorizo á consulta
Autorizo o acceso telemático ao Ministerio de Educacións para a consulta de información sobre os títulos non universitarios rexistrados relacionada coa tramitación do expediente	<input type="checkbox"/> Sí, autorizo á consulta
Autorizo o acceso telemático ao IMSERSO para a consulta de información sobre o grao e nivel de dependencia relacionada coa tramitación do expediente	<input type="checkbox"/> Sí, autorizo á consulta
Autorizo o acceso telemático ao Ministerio de Facenda e Función Pública para a consulta de datos de residencia legal relacionados coa tramitación do expediente	<input type="checkbox"/> Sí, autorizo á consulta
Autorizo o acceso telemático ao Ministerio de Asuntos Exteriores e Cooperación para a consulta de firmas para a legalización diplomática de documentos públicos estranxeiros relacionada coa tramitación do expediente	<input type="checkbox"/> Sí, autorizo á consulta

Data <input type="text"/>	Sinatura
---------------------------	----------



**FORMULARIO OPOSICIÓN CONSULTA INFORMACIÓN A OTRAS ADMINISTRACIONES PÚBLICAS****1. DATOS DO SOLICITANTE**

Número de Documento de identificación

Nome e apelidos

**DOMICILIO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN**

Provincia

Concello

Localidade

Enderezo:

Código Postal

E-mail

Teléfono

Teléfono Móbil

Actuando en :

 Nome propio Representando a:**DATOS DO INTERESADO/ REPRESENTADO**

Número de Documento de Identificación

Nome e apelidos

**DOMICILIO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN**

Provincia

Concello

Localidade

Enderezo:

Código Postal

E-mail

Teléfono

Teléfono Móbil

**Aos efectos de cumprimento da normativa de Procedemento Administrativo Común das AAPP (Lei 39/2015 art. 28.2) con respecto á Deputación de Lugo para a consulta telemática con outras Administracións Públicas dos datos declarados e demais circunstancias relacionadas coa tramitación do expediente no que son interesado:**

SERVIZO DE CONSULTA	OPOSICIÓN Á CONSULTA
Autorizo o acceso telemático á Dirección Xeral de Policía para a consulta de Datos de Identidade relacionados coa tramitación do expediente.	<input type="checkbox"/> Non autorizo á consulta
Autorizo o acceso telemático á Dirección Xeral de Policía para a consulta de verificación de datos de identidade relacionados coa tramitación do expediente.	<input type="checkbox"/> Non autorizo á consulta
Autorizo o acceso telemático ao Instituto Nacional de Estatística para a consulta de datos de residencia con data da última variación padroal relacionados coa tramitación do expediente.	<input type="checkbox"/> Non autorizo á consulta
Autorizo o acceso telemático ao Instituto Nacional de Estatística para a consulta de verificación de datos de residencia de ámbito relacionados coa tramitación do expediente.	<input type="checkbox"/> Non autorizo á consulta
Autorizo o acceso telemático á Tesourería Xeral da Seguridade Social para a obtención do certificado de débeda pendente relacionado coa tramitación do expediente	<input type="checkbox"/> Non autorizo á consulta
Autorizo o acceso telemático á Tesourería Xeral da Seguridade Social para a consulta de verificación de alta na Seguridade Social relacionado coa tramitación do expediente	<input type="checkbox"/> Non autorizo á consulta
Autorizo o acceso telemático ao Instituto Nacional da Seguridade Social para a consulta dos datos de prestacións do Rexistro de Prestacións Sociais Públicas, Incapacidade Temporal e Maternidade relacionado coa tramitación do expediente	<input type="checkbox"/> Non autorizo á consulta
Autorizo o acceso telemático ao Servizo Público de Emprego Estatal para a consulta de información sobre a situación de desemprego relacionada coa tramitación do expediente	<input type="checkbox"/> Non autorizo á consulta
Autorizo o acceso telemático ao Servizo Público de Emprego Estatal para a consulta de datos sobre as prestacións percibidas actualmente por desemprego relacionadas coa tramitación do expediente	<input type="checkbox"/> Non autorizo á consulta
Autorizo o acceso telemático ao Servizo Público de Emprego Estatal para a consulta da información da situación actual de inscrición como demandante de emprego relacionada coa tramitación do expediente	<input type="checkbox"/> Non autorizo á consulta
Autorizo o acceso telemático ao Servizo Público de Emprego Estatal para a consulta da información da situación de inscrición como demandante de emprego nunha data concreta relacionada coa tramitación do expediente	<input type="checkbox"/> Non autorizo á consulta
Autorizo o acceso telemático ao Ministerio de Xustiza para a consulta de datos de Inexistencia de Antecedentes Penais por Delitos Sexuais relacionados coa tramitación do expediente	<input type="checkbox"/> Non autorizo á consulta
Autorizo o acceso telemático á Axencia Estatal de Administración Tributaria para a consulta do certificado IRPF relacionado coa tramitación do expediente	<input type="checkbox"/> Non autorizo á consulta
Autorizo o acceso telemático á Axencia Estatal de Administración Tributaria para a consulta do certificado de domicilio fiscal relacionado coa tramitación do expediente	<input type="checkbox"/> Non autorizo á consulta
Autorizo o acceso telemático á Axencia Estatal de Administración Tributaria para a consulta de información do Imposto de Actividades Económicas relacionado coa tramitación do expediente	<input type="checkbox"/> Non autorizo á consulta
Autorizo o acceso telemático á Axencia Estatal de Administración Tributaria para a consulta do nivel de renda relacionado coa tramitación do expediente	<input type="checkbox"/> Non autorizo á consulta
Autorizo o acceso telemático á Axencia Tributaria para a consulta de validación do Número de Identificación Fiscal relacionado coa tramitación do expediente.	<input type="checkbox"/> Non autorizo á consulta
Autorizo o acceso telemático á Axencia Tributaria para a obtención do certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias relacionado coa tramitación do expediente de contratación pública.	<input type="checkbox"/> Non autorizo á consulta
Autorizo o acceso telemático á Axencia Tributaria para a obtención do certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias relacionado coa tramitación do expediente no procedemento de solicitude de subvencións	<input type="checkbox"/> Non autorizo á consulta
Autorizo o acceso telemático á Xunta de Galicia para a consulta e verificación de títulos de familia numerosa relacionado coa tramitación do expediente	<input type="checkbox"/> Non autorizo á consulta
Autorizo o acceso telemático á Xunta de Galicia para a consulta e verificación de títulos de familia numerosa autonómico relacionado coa tramitación do expediente	<input type="checkbox"/> Non autorizo á consulta

Autorizo o acceso telemático á Xunta de Galicia para a consulta do certificado de discapacidade relacionado coa tramitación do expediente	<input type="checkbox"/> Non autorizo á consulta
Autorizo o acceso telemático á Xunta de Galicia para a consulta do Rexistro de Parellas de Feito relacionada coa tramitación do expediente	<input type="checkbox"/> Non autorizo á consulta
Autorizo o acceso telemático á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións para a consulta de datos de solvencia relacionada coa tramitación do expediente de contratación pública	<input type="checkbox"/> Non autorizo á consulta
Autorizo o acceso telemático ao Consello Xeral do Notariado para a consulta de datos de notarios e notarías relacionados coa tramitación do expediente	<input type="checkbox"/> Non autorizo á consulta
Autorizo o acceso telemático ao Consello Xeral do Notariado para a consulta de datos de administradores dunha sociedade relacionados coa tramitación do expediente	<input type="checkbox"/> Non autorizo á consulta
Autorizo o acceso telemático ao Consello Xeral do Notariado para a consulta de datos sobre a subsistencia dun apoderamento relacionados coa tramitación do expediente	<input type="checkbox"/> Non autorizo á consulta
Autorizo o acceso telemático ao Consello Xeral do Notariado para a consulta da copia simple dun apoderamento notarial relacionada coa tramitación do expediente	<input type="checkbox"/> Non autorizo á consulta
Autorizo o acceso telemático ao Ministerio de Educacións para a consulta de información sobre os títulos universitarios rexistrados relacionada coa tramitación do expediente	<input type="checkbox"/> Non autorizo á consulta
Autorizo o acceso telemático ao Ministerio de Educacións para a consulta de información sobre os títulos non universitarios rexistrados relacionada coa tramitación do expediente	<input type="checkbox"/> Non autorizo á consulta
Autorizo o acceso telemático ao IMSERSO para a consulta de información sobre o grao e nivel de dependencia relacionada coa tramitación do expediente	<input type="checkbox"/> Non autorizo á consulta
Autorizo o acceso telemático ao Ministerio de Facenda e Función Pública para a consulta de datos de residencia legal relacionados coa tramitación do expediente	<input type="checkbox"/> Non autorizo á consulta
Autorizo o acceso telemático ao Ministerio de Asuntos Exteriores e Cooperación para a consulta de firmas para a legalización diplomática de documentos públicos estranxeiros relacionada coa tramitación do expediente	<input type="checkbox"/> Non autorizo á consulta

Data	<input type="text"/>	Sinatura
------	----------------------	----------

R. 2618

**CONCELLOS****BALEIRA***Anuncio*

A Corporación Municipal do Concello de Baleira, Lugo, na sesión plenaria ordinaria do 07 de agosto do 2019 adoptou o acordo proposto pola Alcaldía que de seguido se transcribe, co voto a favor de catro dos oito concelleiros asistentes, dos nove que compoñen o número legal de membros da Corporación :

**CARGO CON DEDICACIÓN E RETRIBUCIÓNS DO DEVANDITO CARGO .**

Tendo en conta o regulado no artigo 75 e seguintes da Lei 7/1985, do 02 de abril, Reguladora das bases de réxime local, estudiada-las necesidades para un axeitado funcionamento do Concello e vista a solicitude presentada polo propio concelleiro de obras e servicios onde manifesta a insuficiencia da súa dedicación para atende-las tarefas que lle son propias

Propóñolle á Corporación Municipal en Pleno a adopción do seguinte acordo:

1 - Determina-lo seguinte cargo con dedicación no Concello coas retribucións que de seguido se detallan:

Primeiro Teniente de Alcalde, Concelleiro de Obras e Servicios: Dedicación exclusiva de corenta horas semanais cunhas retribucións brutas anuais de trinta e un mil euros (31.000,00€) distribuídas en catorce pagas ( doce mensualidades máis xuño e decembro ) con efectos dende 09 de agosto do 2019.

O membro da Corporación Municipal con dedicación exclusiva non percibirá asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da Corporación dos que forme parte. O Concello pagará as cotizacións que legalmente correspondan á Seguridade Social polas retribucións percibidas.

2- Tendo en conta que o 1º Tenente de Alcalde- Concelleiro de Obras e Servicios ten a condición de traballador por conta allea a xornada parcial de dez horas semanais durante os meses de transporte escolar, declarar o cargo e a dedicación establecida polo Concello compatible coa súa condición de traballador por conta allea en actividades privadas .

3- Darlle publicidade ó presente acordo no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e Taboleiro de Anuncios do Concello de conformidade co disposto na lexislación actualmente vixente.

Baleira,20 de agosto de 2019.- O Alcalde, Angel Enrique Martínez-Puga López.

R. 2619

**O CORGO***Anuncio*

Ao quedar definitivamente aprobado polo Pleno desta Corporación o expediente de modificación de créditos con número 11/2019, de suplementos de crédito e créditos extraordinarios, por un importe total de douscentos sesenta e tres mil trescentos euros (263.300,00 €.-), segundo de competencia do Pleno, polo acordo adoptado en sesión celebrada o dezaioito de xullo de dous mil dezanove, de acordo co preceptuado e en cumprimento do disposto no artigo 177.2 en relación co 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, faise público que, despois de dito expediente, o resumo por capítulos do estado de gastos do referido orzamento queda da seguinte forma:

CAPÍTULOS	IMPORTES
1.- Gastos de persoal.....	1.145.066,94.-
2.- Gastos correntes en bens e servizos.....	1.217.509,45.-
3.- Gastos financeiros.....	2.700,00.-
4.- Transferencias correntes.....	130.600,00.-
5.- Fondo de continxencia e outros imprevistos.....	0,00.-
6.- Inversións reais.....	1.952.826,88.-
7.- Transferencias de capital.....	1.000,00.-
8.- Activos financeiros.....	0,00.-
9.- Pasivos financeiros.....	0,00.-
<b>SUMA TOTAL.....</b>	<b>4.449.703,27.-</b>

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

O Corgo, 26 de agosto de 2019.- O alcalde-presidente, Felipe Labrada Reiña.

R. 2620

## GUITIRIZ

### *Anuncio*

Aprobado por Decreto da Alcaldía o padrón do 1º trimestre do ano 2019 correspondente a auga, lixo, canon e sumidoiros, por medio do presente faise público que durante o prazo dun mes, contados a partir do día seguinte ao da inserción do presente edicto no BOP, queda de manifesto nas oficinas do Concello de Guitiriz, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobado no caso de que non se produzan reclamacións contra o mesmo.

Contra o acordo de aprobación do correspondente padrón, poderá interpoñerse con carácter preceptivo recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, contado dende o día inmediato seguinte ó do remate da exposición pública do correspondente padrón.

A cobranza en período voluntario das taxas do padrón de auga, lixo, canon e sumidoiros correspondentes ao primeiro trimestre do 2019, terá lugar dende o día 02/9/2019 ao 02/11/2019 (ambos incluídos).

O cobramento efectuarase nangunhas das seguintes modalidades:

Nas dependencias municipais de recadación, en horario laboral de luns a venres, de 9 a 14 horas.

Mediante o sistema de domiciliación bancaria, segundo os datos facilitados polos suxeitos pasivos e que obren nesta Administración.

A presente publicación surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no citado artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, as débedas relativas á auga, lixo e sumidoiro faranse efectivas pola vía de constrinximento e serán esixibles os recargos do período executivo e xuros de demora que correspondan, tal como se estipula nos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria e, se é o caso, as custas que se produzan.

Se o canon da auga non se fixera efectivo no período voluntario sinalado, suporá a exixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e, así mesmo, faise saber que a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación mediante o padrón.

Guitiriz, 8 de agosto de 2019.- A Alcaldesa, María Sol Morandeira Morandeira.

R. 2621

## LUGO

### *Anuncio*

DECRETO NÚMERO 19006461 DO 24/07/2019

Excma. Sra. Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo, dona Lara Méndez López

Asunto: Creación do Rexistro de Funcionarios e Funcionarias Habilitados do Concello de Lugo

A Lei 11/2007, do 22 de xuño de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos e o Real decreto 1671/2009, do 6 de novembro, que a desenvolve parcialmente, sentaban as bases para a incorporación das novas tecnoloxías nas relacións administrativas, consagrando o dereito dos e das cidadás a relacionarse electrónicamente coa administración.

A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común, en adiante LPAC e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime xurídico do sector público, en adiante LRXSP, viñeron a sistematizar, clarificar e profundizar neste contido, establecendo a tramitación electrónica como a forma habitual de actuación da administración tanto nas súas relacións “ad extra” como nas “ad intra”.

A entrada en vigor deste novo marco legal supuxo un paso cualitativo nas relacións electrónicas entre a cidadanía e a administración e así, segundo dispón o art. 12 da LPAC, as obrigas da administración con relación á cidadanía non se circunscriben tan só á posta a disposición das persoas dos canles de acceso, sistemas e aplicacións necesarios que en cada caso se determinen, senón que tamén deberá asistir no uso de medios electrónicos ás persoas interesadas, non incluídas nos parágrafos 2 e 3 do art.14 da mesma disposición, que así o soliciten, especialmente no referente á identificación e sinatura electrónica, presentación de solicitudes a

través do Rexisto electrónico xeral e obtención de copias auténticas, ademais aqueles interesados que non dispñan dos medio electrónicos necesarios, conforme ao mencionado art. 12 da lei 39/2015, poderán actuar no procedemento administrativo mediante sinatura electrónica de funcionario ou funcionaria habilitada especificamente para os efectos.

Para a prestación deste servizo, as administracións deberán manter actualizado un rexistro interoperable e interconectado cos das restantes administracións públicas, no cal consten os funcionarios e funcionarias que se habiliten tanto para as devanditas funcións como para as previstas no art. 27 do mesmo corpo legal no relativo á expedición de copias auténticas.

De conformidade co cal, sendo preciso nesta administración municipal establecer un procedemento para a designación dos funcionarios e funcionarias a través das cales se poderá materializar esta prestación de servizos e funcións, esta Alcaldía, en uso das atribucións conferidas no artigo 124.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local,

DISPÓN:

PRIMEIRO.- A creación do Rexistro de funcionarias e funcionarios habilitados do Concello de Lugo, conforme ás seguintes normas:

#### REXISTRO DE FUNCIONARIAS E FUNCIONARIOS HABILITADOS NO CONCELLO DE LUGO

##### 1.- Obxecto

O presente Decreto ten por obxecto a creación e regulación, conforme ao estipulado nos arts. 12 e 27 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común, do Rexistro de Funcionarias e Funcionarios habilitados do Concello de Lugo, así como a definición dos requisitos e criterios relativos á habilitación para a realización das funcións contidas nos devanditos preceptos legais.

##### 2.- Ámbito de aplicación

2.1. A presente normativa será de aplicación ao ámbito de xestión da administración municipal do Concello de Lugo e aos funcionarios e funcionarias que se habiliten para realizar, neste mesmo ámbito, as funcións e actuacións previstas nos artigos 12 e 27 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, LPAC, conforme ao disposto na presente norma, especialmente no relativo a:

2.1.1. Asistencia na identificación e firma electrónica no procedemento administrativo dos suxectos que, segundo o disposto no art. 14 LPAC, non estean obrigados a relacionarse electrónicamente coa administración e que non dispoñan dos medios electrónicos necesarios.

Esta habilitación extenderase, con carácter xeral a todos os trámites e actuacións dispoñibles por medios electrónicos que precisen unha autenticación fehaciente do/a cidadá, sempre que se determine que son susceptibles de levarse a cabo por funcionarios ou funcionarias habilitadas, segundo o disposto neste Decreto, e cos requisitos dispostos no artigo 12 da LPAC.

2.1.2. Expedición, nos termos establecidos no art. 27 da LPAC, de copias auténticas electrónicas dos documentos en papel que achegue a cidadanía e que vaian a incorporarse a un expediente administrativo, así como de copias auténticas de documentos públicos administrativos ou privados emitidos no ámbito das súas competencias.

2.3. Os funcionarios e funcionarias habilitadas non poderán recibir notificacións que requiran a identificación e autenticación a cidadanía, agás no caso das notificacións por comparecencia electrónica na sede, previstas no art. 41.

##### 3.- Órganos competentes

Será responsable da xestión do Rexistro de funcionarios e funcionarias habilitadas o servizo, sección, negociado ou unidade administrativa con competencias en materia de administración electrónica, baixo a superior dirección da Vicesecretaría Xeral, conforme ao art. 3 do Rd 128/2018, do 16 de marzo, sen perxuízo de que en tanto en canto non se realicen os axustes organizativos precisos derivados da implantación da administración electrónica, se atribúa a responsabilidade desta xestión á Sección de Estatística-Cemiterio, na que se integra Rexisto Xeral.

##### 4.- Requisitos para a habilitación

4.1. Só poderán ser habilitados os funcionarios e funcionarias que se atopen en situación de servizo activo e que contén cun certificado de firma electrónica de empregado/a público/a.

4.2. A habilitación outorgarase por tempo indefinido, salvo que se indique especificamente a data de fin da mesma. Poderá causar baixa previa proposta do servizo correspondente ou do Servizo de persoal, no caso de cese, xubilación ou cambio de situación laboral.

##### 5.- Procedemento

5.1. A habilitación tramitarase a solicitude do responsable de servizo, sección, negociado ou unidade correspondente, quen deberá achegar os datos establecidos no parágrafo 6.3, a) a g).

5.2. Será competencia do servizo, sección, negociado ou unidade administrativa responsable da xestión do Rexistro de Funcionarios Habilitados, a comprobación do cumprimento dos requisitos para o outorgamento da habilitación, así como a formulación da oportuna proposta.

5.3. A proposta formulada deberá ser aprobada a través de Decreto da Alcaldía, conforme ao sistema de delegacións que no seu caso se estableza.

#### 6.- Funcionamento do Rexistro de Funcionarias e Funcionarios Habilitados

6.1. O Rexistro de funcionarias e funcionarios habilitados é un rexistro interoperable e interconectado cos das restantes administracións públicas no cal constan os funcionarios e funcionarias que se habiliten para o desenvolvemento das funcións previstas nos artigos 12 e 27 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, segundo o previsto na disposición número 2 do presente decreto.

6.2. A inscrición, modificación e cancelación no Rexistro de funcionarias e funcionarios da habilitación dos funcionarios e funcionarias, é competencia do servizo, sección, negociado ou unidade administrativa responsable da súa xestión, conforme ao disposto no parágrafo 3.

6.3. Neste Rexistro constarán os seguintes datos referidos aos funcionarios e funcionarias habilitadas:

Documento de identidade.

Nome e apelidos.

Servizo ao que pertence.

Posto de traballo.

Data de alta no RFH.

Data de outorgamento da habilitación para o trámite ou procedemento.

Alcance específico da habilitación.

Data de baixa no RFH.

Data de fin da habilitación.

Causa de cancelación da habilitación.

6.4. Producida a habilitación, o órgano competente expediralle ao funcionario ou funcionaria habilitada unha credencial, conforme ao modelo establecido no anexo II, na que constarán os datos persoais e administrativos, alcance, data de inicio e fin, que continuará vixente en tanto non se produzan modificacións ou ben se produza un cambio da unidade responsable do trámite ou do posto de adscrición do funcionario ou funcionaria que supoñan modificación nas súas competencias ou funcións.

6.5. O Servizo de Persoal deberá comunicar ao servizo, sección, negociado ou unidade de xestión, segundo o disposto no parágrafo 3, as posibles alteracións na situación administrativa e/ou destino destes funcionarios ou funcionarias habilitados, a fin de que os datos estean permanentemente actualizados.

#### 7.- Actuacións dos funcionarios e funcionarias habilitadas

7.1. Para a actuación prevista no parágrafo 2.1.1. do presente decreto, a persoa interesada presentará para a súa identificación o documento de identidade en vigor, NIE, ou pasaporte.

Aos efectos de consentir expresamente a súa identificación e autenticación polo funcionario ou funcionaria pública habilitada, deberá presentar asinado o formulario do anexo I.

Estes documentos conservaranse nas oficinas onde se realice a habilitación para os efectos de xustificación en posibles litixios administrativos ou xudiciais e poderán ser dixitalizados para a súa inclusión no expediente de destino.

Ao efectuar o trámite, o funcionario ou funcionaria habilitada presentarlle á persoa interesada copia impresa da cumprimentación de datos no sistema de información que dea soporte, para que preste a súa conformidade, mediante a súa sinatura no impreso, antes de proceder a completar a actuación.

A Funcionaria ou funcionario habilitado entregarlle á persoa interesada a documentación acreditativa do trámite realizado e unha copia auténtica do documento de consentimento asinado por ambas partes.

7.2. No relativo á actuación prevista no parágrafo 2.1.2 do presente decreto, as funcionarias e funcionarios habilitados actuarán conforme aos protocolos de dixitalización que se establezan conforme ao Plan de Dixitalización en execución no Concello de Lugo.

#### 8.- Mantemento de formularios

Habilítase ao servizo, sección, negociado ou unidade administrativa responsable da xestión, segundo o disposto no parágrafo 3, para a modificación de formularios previstos nos anexos I e II relativos á acreditación de habilitación así como á prestación do consentimento expreso por parte da persoa interesada.

SEGUNDO.- O presente Decreto deberá ser publicado no Taboleiro de edictos municipal, Boletín Oficial da Provincia, Sede electrónica e Portal de Transparencia municipal.

ANEXO I

Consentimiento expreso para a identificación e autenticación por funcionario ou funcionaria habilitada

D/Dª. ....

DNI, NIE ou Pasaporte .....

RÚA.....Nº.....

CONCELLO.....

PROVINCIA.....CÓDIGO POSTAL.....

DECLARA:

Que non dispón de certificado de sinatura electrónica e que outorga o seu consentimento, por esta única vez, para a identificación e autenticación polo funcionario ou funcionaria pública habilitada, abaixo asinante, para a realización do seguinte:

Trámite/s ou actuacións electrónica:

.....  
.....

Funcionario ou funcionaria habilitada

NOME E APELIDOS.....

DNI.....

En Lugo, a..... de..... de .....

A persoa interesada,

O Funcionario/a habilitado/a



### INFORMACIÓN ADICIONAL SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSONAL

Para os efectos previstos no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e o Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e conforme á Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais, proporciónaselle a seguinte información en relación ao tratamento dos seus datos.

#### RESPONSABLE DO TRATAMENTO:

A información facilitada no formulario é titularidade do Concello de Lugo, domiciliado na Praza Maior, nº 1 27001, Lugo. Para calquera información adicional pode realizar calquera consulta a través dos seguintes medios:

Teléfono: 982 297 100

Correo electrónico: 010@concellodelugo.org

Contacto DPD: dpd.lugo@seguridadinformacion.com

**FINALIDADE:** Recollida do outorgamento de consentimento expreso para identificación e autenticación por funcionario ou funcionaria pública habilitada

#### LEXITIMACIÓN:

O tratamento dos datos de carácter persoal achegados queda lexitimado por unha obriga legal, de conformidade co artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e atopa o seu fundamento na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

#### DESTINATARIOS:

Os datos serán custodiados pola unidade administrativa na que a persoa interesada comparecera e realizara o trámite ou actuación administrativa para a cal se outorga consentimento. Non está prevista a comunicación de datos a terceiros alleos ao Concello nin a transferencia internacional dos mesmos.

#### DEREITOS:

Calquera persoa ten dereito a obter confirmación sobre se, no Concello de Lugo, están a tratar datos persoais que lles atinxan, ou non.

As persoas interesadas teñen dereito a acceder aos seus datos persoais, así como a solicitar a rectificación dos datos inexactos ou, no seu caso, solicitar a súa supresión cando, entre outros motivos, os datos xa non sexan necesarios para o cumprimento dos fins para os que foron recollidos e no cumprimento da lexislación vixente.

En determinados casos, as persoas interesadas poderán solicitar a limitación do tratamento dos seus datos. Nese caso, unicamente, conservaranse para o exercicio ou a defensa de reclamacións.

En determinadas circunstancias e por motivos relacionados coa súa situación particular, as persoas interesadas poderán opoñerse ao tratamento dos seus datos. O Concello de Lugo deixará de tratar os datos, agás por motivos lexítimos imperiosos ou no exercicio ou a defensa de posibles reclamacións. A persoa interesada ten dereito a recibir os datos persoais que facilitou ao Concello de Lugo nun formato estruturado, de uso común e lectura automatizada. Este último dereito limitarase polas seguintes excepcións:

Que os datos sobre os que recae este dereito, fosen facilitados pola persoa interesada.

Que os datos sexan tratados polo Concello de Lugo de forma automatizada.

Así mesmo ten dereito a retirar o consentimento outorgado, en cuxo caso será efectivo dende o momento no que o solicite, sen ter efectos retroactivos, así como o dereito a reclamar ante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)).

## ANEXO II

Credencial de funcionaria ou funcionario habilitado

Dona Lara Méndez López, Alcaldesa do Concello de Lugo, segundo o disposto no Decreto núm

ACREDITA A

D/D<sup>a</sup>.....

DNI.....

Funcionario/a do Concello de Lugo, como FUNCIONARIO/A HABILITADO/A.

Alcance da habilitación:

A identificación e autenticación da cidadanía nos trámites e actuación electrónicas do Concello de Lugo que precisen dunha autenticación fehaciente do/a cidadá, sempre que se determine que son susceptibles de levarse a cabo por funcionarios ou funcionarias habilitadas, e/ou nos que resulte necesaria a utilización de sistemas de sinatura electrónica dos que aqueles carezan, segundo o disposto no art. 12 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

A expedición de copia auténtica nos termos previstos no artigo 27 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Data do inicio da habilitación:

Data do fin da habilitación:

Data e sinatura,

R. 2622

**MONFORTE DE LEMOS***Anuncio*

APROBACION PADRÓNS TAXA POLO ABASTACIMIENTO DE AUGA, TAXA REDE DE SUMIDOIROS e canon auga xuLLO-AGOSTO 2019 E ANUNCIO DE COBRANZA

Por Xunta de Goberno Local do día 26.08.2019 aprobáronse os padróns da Taxa polo abastecemento de auga, a Taxa de rede sumidoiros e Canon de auga do cuarto bimestre 2019 (XULLO- AGOSTO).

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Lei xeral tributaria, notifícanse colectivamente os recibos derivados destes padróns.

De conformidade coa Ordenanza xeral de ingresos municipais de dereito público, exporase ao público nun prazo de 20 días, a contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas Locais, contra o acordo de aprobación dos padróns da Taxa polo abastecemento de auga e Taxa pola Rede sumidoiros e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública do padrón.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso -administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co artigo 49.7 do Decreto 136/2012 de 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertedura a sistemas públicos de depuración de augas residuais a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico -administrativa ante o órgano económico- administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende se entenda producida a notificación.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria , fíxase como prazo de pago en período voluntario, dende o día 30.08.2019 ata o 31.10.2019.

De acordo co artigo 24 do Real decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, ponse en coñecemento, que no período de pago en voluntario sinalado no parágrafo anterior, os contribuíntes que non teñan domiciliados os recibos poderán facer o pago dos mesmos mediante :

Ingreso en efectivo en calquera oficina de A Banca en horario de atención ao público.

A través de caixeiros automáticos da devandita entidade financeira.

A través da páxina web [www.aqualia.es](http://www.aqualia.es).

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse os correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

A falta de pagamento en período voluntario do canon suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Monforte de Lemos, 26 de agosto de 2019.- O alcalde- presidente, Jose Tomé Roca.

R. 2623

**ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA****XULGADO DO SOCIAL N.º 1 LUGO***Anuncio*

D/D<sup>a</sup> RAFAEL GONZALEZ ALIO, LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA DEL JUZGADO DE LO SOCIAL NÚMERO 001 DE LUGO.

HAGO SABER: Que por resolución dictada en el día de la fecha, en el proceso seguido a instancia de D. EMILIO CARBALLO CASAVIEJA contra YOLANDA MENDOZA PEREIRO, en reclamación por ORDINARIO, registrado con el nº PROCEDIMIENTO ORDINARIO 478/2018 se ha acordado, en cumplimiento de lo que dispone el artículo 59 de la LJS, citar a YOLANDA MENDOZA PEREIRO, en ignorado paradero, a fin de que comparezca el día 27/1/2021 a las 10:15 horas, en Planta 4, Sala 9, Edif. Xulgados, para la celebración de los actos de conciliación y en su caso juicio, pudiendo comparecer personalmente o mediante persona legalmente apoderada, y que deberá acudir con

---

todos los medios de prueba de que intente valerse, con la advertencia de que es única convocatoria y que dichos actos no se suspenderán por falta injustificada de asistencia.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

En caso de que pretenda comparecer al acto del juicio asistido de abogado o representado técnicamente por graduado social colegiado, o representado por procurador, pondrá esta circunstancia en conocimiento del juzgado o tribunal por escrito, dentro de los dos días siguientes al de su citación para el juicio, con objeto de que, trasladada tal intención al actor, pueda éste estar representado técnicamente por graduado social colegiado, o representado por procurador, designar abogado en otro plazo igual o solicitar su designación a través del turno de oficio. La falta de cumplimiento de estos requisitos supone la renuncia de la parte al derecho de valerse en el acto de juicio de abogado, procurador o graduado social colegiado.

Y para que sirva de citación a YOLANDA MENDOZA PEREIRO, se expide la presente cédula para su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia .

En LUGO, a treinta y uno de julio de dos mil diecinueve.- EL/LA LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA.

R. 2624

---